

FASE I DO ANTEPROXECTO DO PLAN SECTORIAL
DE ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE GALICIA:
ANÁLISE, INCIDENCIA E DIAGNÓSTICO DO SECTOR
MINEIRO

ANÁLISE E DIAGNÓSTICO ECONÓMICO –
FINANCEIRO DAS EMPRESAS DE ACTIVIDADE
MINEIRA EN GALICIA

EQUIPO DE TRABAJO:

Grupo de Investigación G4plus da Universidade de Vigo

- Prof. Dr. Pedro F. Figueroa Dorrego (Director)
- Prof. Dr. Francisco J. López Corrales
- Ana Otero Lima
- Daniel Gallego Ortigueira

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN: ESTRUCTURA DO DOCUMENTO E METODOLOXÍA.	7
2. ANÁLISE ECONÓMICO – FINANCEIRA DAS EMPRESAS DO SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA.	17
2.1. Análise xeral das empresas do sector da minería extractiva de Galicia.	17
2.2. Análise específica das empresas dos sectores e subsectores da minería extractiva de Galicia: Fichas Sintéticas.	25
2.3. Análise comparativa dos principais ratios e resultados das empresas dos sectores e subsectores da minería extractiva de Galicia.	35
3. DIAGNÓSTICO: CONCLUSIÓN SINTÉTICAS	49
ANEXOS	53
A. Fórmulas e Interpretación dos ratios empregados	53
B. Listado de empresas consideradas.	55

The page features three vertical bars of varying heights and shades of teal on the left side. Below these bars, three horizontal lines extend to the right, each ending in a small white circle with a dark outline. The largest bar is on the far left, followed by a medium bar, and then a smaller bar.


1.

INTRODUCCIÓN: ESTRUTURA DO DOCUMENTO E METODOLOXÍA

1. INTRODUCCIÓN: ESTRUCTURA DO DOCUMENTO E METODOLOXÍA.

Neste documento de Análise e Diagnóstico económico – financeiro das empresas con actividade no sector mineiro e con domicilio social en Galicia tratarase de ofrecer unha visión sintética da evolución e da situación na que se atopan estas empresas, considerando esta unha información relevante de cara a toma de decisións empresariais, ó mesmo tempo que se dota ás empresas do sector cunha importante ferramenta informativa coa finalidade de favorecer os seus procesos de xestión e optimización.

Así, este documento estrutúrase en tres epígrafes e Anexos con información complementaria, tratando o primeiro apartado de ofrecer unha presentación da estrutura do documento e da metodoloxía empregada no mesmo, e constituíndo o segundo epígrafe o núcleo fundamental do documento, onde se analizarán os datos correspondentes ó análise económico financeiro das empresas de actividades extractivas do sector mineiro de Galicia, que foron clasificadas segundo amosa na Figura 1.



Fonte: Elaboración propia

Polo que respecta ó terceiro epígrafe, este correspóndese co Diagnóstico Sintético, que recolle dun xeito resumido as principais ameazas, oportunidades, debilidades e fortalezas detectadas tras a análise realizada no apartado anterior.

Por outro lado, polo que concirne ás fontes de información empregadas, o instrumento fundamental foi a Base de Datos do Sistema de Análisis de Balances Ibéricos (SABI). Así, para obter o resultado agregado que se amosa nas seguintes páxinas, seguiuuse o seguinte procedemento metodolóxico:

1. En primeiro lugar, recorreuse á Base de Datos SABI, e seleccionáronse os códigos CNAE relacionados coa actividade extractiva do sector mineiro, obtendo unha primeira lista para Galicia das empresas con actividade dentro destes códigos. Acto seguido procedeuse a eliminar as empresas que figuraban en dita base como extinguidas ou en liquidación.

Táboa 1
Códigos CNAE seleccionados

CNAE	Literal Código CNAE
0510	Extracción de antracita e hulla
0520	Extracción de lignito
0710	Extracción de minerais de ferro
0721	Extracción de minerais de uranio e torio
0729	Extracción de outros minerais metálicos non férreos
0811	Extracción de pedra ornamental e para a construción, pedra caliza, xeso, creta e lousa
0812	Extracción de gravas e areas; extracción de arxila e caolín
0891	Extracción de minerais para produtos químicos e fertilizantes
0892	Extracción de turba
0893	Extracción de sal
0899	Outras industrias extractivas n.c.o.p.

2. Tras esta primeira depuración, posteriormente, para asignar cada empresa ó seu bloque de actividade conforme ó esquema da Figura 1, recorreuse en primeiro lugar á información existente dentro das bases de datos da Cámara Oficial Mineira de Galicia, e a continuación á información existente a través dos Clúster e asociacións das diferentes actividades (Clúster do Granito, Asociación de Graniteiros de Ourense, Asociación de Pizarristas, AFICEGA...). Finalmente, completouse a clasificación a través da Base de Datos E-Infirma, que na súa modalidade pública ofrece unha descrición da actividade principal das empresas, obtendo un total de 368 empresas.
3. Nunha terceira fase de filtrado da información, procedeuse a eliminar aquelas empresas que non presentaban datos congruentes, ou ás que lle faltaba información sobre algunha das partidas principais do balance ue impedían o seu tratamento estatístico (activo circulante, activo fixo, fondos propios ou pasivo),

reducíndose o número de empresas a 291, resultando as empresas eliminadas ser de pequeno tamaño e con pouca incidencia no conxunto global da facturación das mesmas (en concreto a facturación tan só diminuíu un 3,9%). Por categorías, o número de empresas que se analizarán son os que figuran Táboa 2.

Táboa 2
Número de empresas resultantes tras o proceso de filtrado

	Antes	Despois do filtrado
1. MINERAIS METALICOS	5	3
2. MINERAIS INDUSTRIAIS	14	11
<i>Cuarzo</i>	7	7
<i>Caolin</i>	3	2
<i>Outros Minerais Industriais</i>	4	2
3. ROCHAS ORNAMENTAIS	245	189
<i>Granito</i>	145	113
<i>Lousa</i>	80	63
<i>Outras Rochas Ornamentais</i>	20	13
4. PRODUTOS DE CANTEIRA	104	88
<i>Árxila</i>	14	12
<i>Áridos</i>	90	76
TOTAL	368	291


Neste mesmo senso, é importante mencionar o feito de que neste documento recóllese a información económico financeira das empresas deste sector dende o ano 2007 ata o ano 2010. A escolla dese período temporal, está fundamentada no xurdimento do Novo Plan Xeral Contable, ó que as empresas tiveron que adaptar as súas contas dende o ano 2007, ano que se elixiu como principio do período de análise para evitar posibles incoherencias nos datos. En canto á data de remate do período de estudo, esta fixouse como xa se mencionou no ano 2010, debido fundamentalmente a que este é o último ano no que a Base de Datos SABI posúe información completa para todas as empresas tratadas.

Polo que respecta á forma de presentar a información, nun primeiro momento realizarase unha análise máis detallada do conxunto de todas as empresas consideradas, para a continuación reflectir a información conforme a ficha Figura 2, amosando a información dun xeito máis gráfico, co seu correspondente comentario na parte superior dereita da propia ficha. Esta ficha será a mesma que se empregará para dar a información conforme ós sectores de actividade da minería extractiva de Galicia. Se ben cumpre salientar que debido ó número de empresas existentes dentro de cada categoría, só se profundará nos subsectores das rochas ornamentais (granito, lousa e outras rochas ornamentais) e nos dos produtos de canteira (áridos e arxila). Polo que respecta ós minerais industriais non se profundará en cada categoría

(caolín, cuarzo e outros minerais industriais), debido ó escaso número de empresas (mostra estatística) que compoñen as categorías de caolín e outros minerais industriais, que impiden un tratamento estatístico axeitado. Esta mesma situación ocorre para as empresas que enmarcan a súa actividade dentro dos minerais metálicos que si serán tidas en conta para analizar os datos do conxunto do sector, pero das que non se realizará un tratamento estatístico individualizado por mor do escaso tamaño da mostra (3 empresas),.

A variable estatística maioritariamente empregada nestas fichas sintéticas é a mediana, que representa o valor da variable de posición central nun conxunto de datos ordenados, o que significa que o 50% dos datos da mostra son menores e o outro 50% dos datos son maiores, polo que a mediana coincide tamén co Percentil 50. Ademais, a escolla desta variable fundamentouse no feito de que, ó contrario do que sucede coa media, o seu cálculo non se ve afectado polos valores extremos da mostra.

Figura 2
Presentación xeral da información



Fonte: Elaboración propia

Cumpre recordar, que para complementar a información incluída nestes capítulos decidiuse incluír ó final dos mesmos un pequeno apartado que recolle a información de xeito conxunto de tal forma que se permite unha mellor análise comparativa.

Finalmente e para completar este apartado introdutorio considerouse relevante introducir a información totalizada de todas as empresas consideradas, tal e como se amosa na Táboa 3, onde a maiores da información considerada nos apartados seguintes que conforman a estrutura do balance e os principais resultados da conta de perdas e ganancias, tamén se amosan outras variables importantes de carácter económico financeiro, como poden ser a facturación, a xeración de Valor Engadido Bruto (VEB) ou o número de empregados do sector da minería extractiva de Galicia, resultando que no último ano considerado, o 2010, estas empresas facturaron un total de 580 millóns de Euros e xeraron un VEB de aproximadamente uns 225 millóns de Euros, dando emprego a máis de 5.600 persoas., se ben é importante apreciar o importante descenso sufrido dende o ano 2007, como consecuencia da importante crise económico e financeira que se está a sufrir na actualidade e que deu comezo precisamente a partires do ano 2007.

Táboa 3
Información da mostra de empresas do sector da minería extractiva de Galicia (2007-2010)


	2007	2008	2009	2010
ESTRUTURA DO BALANCE				
Activo non corrente	671.744,80	737.983,86	810.494,86	836.226,22
Activo corrente	565.611,06	576.440,01	533.610,72	519.456,64
Total activo	1.237.355,85	1.314.423,87	1.344.105,58	1.355.682,86
Patrimonio Neto	577.859,74	605.899,46	625.017,96	610.536,35
Pasivo non corrente	209.035,67	256.702,32	288.225,58	298.598,70
Pasivo corrente	450.460,42	451.822,08	430.862,04	446.547,84
PN+Pasivo	1.237.355,84	1.314.423,86	1.344.105,57	1.355.682,89
RESULTADOS DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS				
Resultados de explotación	45.533,97	35.266,37	19.878,43	8.078,09
Resultado financeiro	-892,62	420,45	-13.557,57	-14.889,84
Resultado antes de impostos	44.641,35	35.686,81	6.320,87	-6.821,50
Resultado do exercicio	41.261,26	32.018,23	4.361,68	-6.753,98
OUTRAS VARIABLES ECONÓMICO – FINANCEIRAS RELEVANTES				
Facturación	756.460,48	676.751,90	584.611,10	580.253,85
VEB	291.000,15	289.387,42	247.177,12	226.484,80
Número de empregados	6.307,00	6.217,00	5.765,00	5.603,00

Fonte: Elaboración propia a partir da Base de datos SABI



2.

ANÁLISE ECONÓMICO – FINANCEIRA DAS EMPRESAS DO SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA




2.1

Análise xeral das empresas do sector da minería extractiva de Galicia

2. ANÁLISE ECONÓMICO – FINANCEIRA DAS EMPRESAS DO SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA.

2.1. Análise xeral das empresas do sector da minería extractiva de Galicia.

Centrándose xa na análise dos datos, a Figura 4 amosa a estrutura económica e financeira do sector da minería extractiva para o exercicio económico 2010. Así, as inversións en activos non correntes representan un 61,68% e, en consecuencia, a porcentaxe de inversión en activo corrente é dun 38,32%. Neste tipo de empresas é normal esta estrutura dada a importancia da inversión na estrutura fixa da sociedades que o integran.



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

No devandito gráfico, tamén se observa que os recursos permanentes (patrimonio neto + pasivo non corrente) representan un 67,06% e en cambio o pasivo corrente representa unha porcentaxe dun 32,94%.

Como consecuencia do anteriormente exposto, o fondo de manobra, definido dende a perspectiva de longo prazo (exceso de recursos permanentes sobre o activo non corrente) é positivo, o que evidencia que o financiamento permanente das empresas do sector da minería extractiva de Galicia financian ademais do activo non corrente, tamén unha parte do activo corrente. En caso contrario ó vencer os seus compromisos antes de obter a liquidez necesaria, obrigaría ás empresas a liquidar parte do inmovilizado.

En relación á evolución das masas patrimoniais que figuran nos balances que se amosan na Táboa 4, as conclusións que se obtiveron son as seguintes:

Táboa 4
Evolución interanual das masas patrimoniais do balance para o total das empresas consideradas (2007 2010)

(evolución)	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Activo non corrente	11,58%	-2,72%	-16,01%
Activo corrente	10,02%	-1,92%	-17,69%
Patrimonio neto	9,37%	0,55%	1,19%
Pasivo non corrente	50,03%	15,45%	8,55%
Pasivo corrente	10,24%	-9,27%	3,43%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

- Descenso porcentual do activo non corrente, é dicir, da inversión na estrutura fixa do sector dende o ano 2007 ata o 2010, último exercicio do que se dispoñen de datos completos e polo tanto analizado.
- Con respecto á inversión en circulante (activo non corrente), tamén perde peso na estrutura económica do balance dende o exercicio 2007, ano que se pode considerar como o inicio da crise económico e financeira.
- Aumento interanual do patrimonio neto, pero a niveis baixos.
- Aumento das obrigacións de pago, se ben o devandito aumento en cada exercicio é menor con relación ó anterior. En relación o pasivo esixible a curto prazo (activo corrente), este incrementase no ano 2008 para despois no ano 2009 diminuír e volver a subir no ano 2010.

Dos ratios obtidos a través dos datos do balance, as conclusión máis relevantes serían as seguintes (ver Táboa 5) :

Táboa 5
Evolución dos ratios derivados do balance para o total das empresas consideradas (2007 2010)

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Solvencia	1,03	1,1	1,09	1,08
Ácido test	0,87	0,80	0,76	0,71
Liquidez Inmediata	0,06	0,04	0,04	0,04
% Endebamento	61,94%	61,19%	63%	61,75%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

- Tendencia estable do endebamento xeral do sector, ata o exercicio 2009, cun lixeiro descenso no último exercicio dispoñible. Considérase que segundo os datos

observados, o endebedamento do sector da minería extractivo é elevado e preocupante.

- O ratio de solvencia, é dicir, o peso que ten o financiamento alleo a curto prazo con respecto o activo corrente, é superior a todos os anos á unidade, pero de suceder a inversa estaríase financiando o activo fixo con recursos a curto prazo.
- O ratio de solvencia podería ser un tanto enganoso e naqueles casos nos que as empresas presentan problemas en almacén, acumulando existencias, activos non monetarios, consecuencia da obsolescencia dos seus produtos, da deficiente xestión de stocks, a perda de cotas de mercado, ou dunha ralentización do ritmo de vendas entre outros. Para elo, estúdase o ratio denominado como test ácido que exclúe do cálculo ás existencias e que no período analizado oscila entre un 0,71 (2010) e un 0,87 (2007). Este ratio indica a porción das débedas a curto prazo que poderían liquidarse cos medios líquidos dispoñibles e o cobro a clientes. Cumpre destacar aquí o peso das existencias no balance que teñen as empresas encadradas dentro deste sector e, en consecuencia, os medios líquidos dispoñibles non son suficientes para facer fronte ás obrigacións de pago a curto prazo.
- Por último, convén coñecer a relación entre os medios líquidos existentes e as débedas a curto prazo, para o que se emprega o ratio de liquidez inmediata. A liquidez do sector mantense practicamente constante dende o ano 2007 ata o 2010 con valores que oscilan entre un 0,06 e un 0,04 respectivamente. Segundo estas cifras os debedores representan unha parte importante do balance, debido a quizás existan problemas de cobro neste sector.

No tocante á rendibilidade económica, débese saber que esta mide o rendemento dos activos totais netos a marxe da estrutura de financiamento, e polo tanto, é un compoñente económico puro que mide a eficiencia económica da empresa. De feito, a rendibilidade económica equivale á relación entre beneficios económicos e inversións reais.

Tendo en conta o anterior, a rendibilidade económica neste estudo é negativa para o ano 2010 (-0.79), amosando o seu mellor valor no ano 2007 (1,74). Dende este punto de vista, considérase que as rendibilidades do sector deben ser máis elevadas, polo que se deben de tomar unha serie de medidas para mellorar a situación, medidas que poden ir dende a optimización na xestión de compras, ou dos recursos humanos, ata un incremento das vendas, unha mellor xestión dos almacéns ou incluso unha mellor xestión da carteira de clientes.

Polo que respecta á rendibilidade financeira, esta mide a capacidade das empresas para remunerar ós seus accionistas, propietarios dos fondos propios das devanditas empresas. Os factores que inflúen na rendibilidade financeira dependen da capacidade das empresas para xerar beneficios suficientes, e da cuantía do capital empregado, así como do seu custe. A rendibilidade financeira despois de impostos, equivale polo tanto, á relación entre o resultado neto e os recursos propios.

No caso das empresas do sector da minería extractiva de Galicia, a rendibilidade financeira pódese considerar normal nos dous primeiros exercicios (2007/2008) e unha rendibilidade con tendencia á baixa nos anos 2009 e 2010 e con valor baixo.

Táboa 6
Evolución das rendibilidades para o total das empresas consideradas (2007-2010)

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Rendibilidade económica	1,74	0,46	0,24	-0,79
Rendibilidade financeira	6,91	4,05	1,93	1,09

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Finalmente, tamén se considerou oportuno analizar os aspectos máis destacables da conta de perdas e ganancias. Así, pódense citar os seguintes ítems:

- Descenso do resultado que xera a explotación normal do negocio nos 4 exercicios analizados, acadando no ano 2010 o seu peor valor.
- Incremento dos gastos financeiros debido ó endebedamento do sector e resultados do exercicio maiores pero descendendo dende o ano 2007 ata o 2010

Táboa 7
Evolución da conta de perdas e ganancias para o total das empresas consideradas (2007-2010)

(miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Resultado de explotación	34,79	16,40	5,70	0,66
Resultado financeiro	-7,97	-10,17	-11,69	-14,22
Resultado antes de impostos	18,37	4,57	1,45	-1,31
Resultado do exercicio	13,22	14,64	3,72	0,76

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI


Tendo en conta todo o explicado ata este momento, a ficha sintética cos datos correspondentes ó total das empresas consideradas do sector da minería extractiva de Galicia, sería a que se amosa na páxina seguinte:

SECTOR:

TOTAL DAS EMPRESAS CONSIDERADAS

ANÁLISE DO BALANCE

Figura 4: Estrutura xeral do balance do ano 2010


CONCLUSIÓNS SINTÉTICAS

- Endebementos importantes do sector, o que implica resultados financeiros negativos en aumento.
- Niveis de existencias e debedores importantes, que restan liquidez ó sector.
- Os ratios de rendibilidade económica e financeiros amosan niveis baixos.

(evolución)	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Activo non corrente	11,58%	-2,72%	-16,01%
Activo corrente	10,02%	-1,92%	-17,69%
Patrimonio neto	9,37%	0,55%	1,19%
Pasivo non corrente	50,03%	15,45%	8,55%
Pasivo corrente	10,24%	-9,27%	3,43%

RATIOS DO BALANCE

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Solvencia	1,03	1,1	1,09	1,08
Ácido test	0,87	0,80	0,76	0,71
Liquidez Inmediata	0,06	0,04	0,04	0,04
% Endebemento	61,94%	61,19%	63%	61,75%

ANÁLISE DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

(miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Resultado de explotación	34,79	16,40	5,70	0,66
Resultado financeiro	-7,97	-10,17	-11,69	-14,22
Resultado antes de impostos	18,37	4,57	1,45	-1,31
Resultado do exercicio	13,22	14,64	3,72	0,76

RATIOS DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Rendibilidade económica	1,74	0,46	0,24	-0,79
Rendibilidade financeira	6,91	4,05	1,93	1,09

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI



2.2

Análise específica das empresas dos sectores e subsectores da minería extractiva de Galicia: Fichas Sintéticas.


2.2. Análise específica das empresas dos sectores e subsectores da minería extractiva de Galicia: Fichas Sintéticas.

SECTOR:

MINERAIS INDUSTRIAIS

ANÁLISE DO BALANCE

Figura 5: Estrutura xeral do balance do ano 2010



CONCLUSIÓNS SINTÉTICAS

- Fondo de manobra positivo no ano 2010.
- Incremento importante das inversións no exercicio 2009.
- Niveis de solvencia normais nos anos 2007 e 2010 e baixos nos anos 2008 e 2009. Destácanse o peso das existencias e das débedas no balance.
- Nivel de endebedamento elevado.
- Resultados financeiros negativos e elevados debido ó endebedamento.
- Baixa rendibilidade económica e financeira acadando niveis negativos no ano 2010.

(evolución)	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Activo non corrente	0,32%	96,68%	-8,89%
Activo corrente	14,13%	11,02%	0,08%
Patrimonio neto	18,52%	11,26%	-11,28%
Pasivo non corrente	-65,43%	-77,33%	25,32%
Pasivo corrente	18,57%	8,02%	0,04%

RATIOS DO BALANCE

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Solvencia	1,14	0,84	0,78	1,08
Ácido test	0,80	0,60	0,39	0,63
Liquidez Inmediata	0,02	0,03	0,01	0,01
% Endebedamento	45,18%	56,18%	54,35%	46,79%

ANÁLISE DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

(miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Resultado de explotación	77,94	106,61	223,23	-12,07
Resultado financeiro	-24,72	-45,74	-28,48	-34,69
Resultado antes de impostos	47,60	61,52	94,52	-57,42
Resultado do exercicio	32,34	41,61	57,94	72,71

RATIOS DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

%	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Rendibilidade económica	0,45	0,51	0,69	-2,16
Rendibilidade financeira	3,41	4,43	4,20	-0,18


Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

SECTOR:

ROCHAS ORNAMENTAIS

ANÁLISE DO BALANCE

Figura 6: Estrutura xeral do balance do ano 2010



CONCLUSIÓNS SINTÉTICAS

- Fondo de Manobra positivo no exercicio 2010 debido ó gran peso que posúe o sector granito.
- Todas as masas patrimoniais do balance sofren un descenso porcentual dende o exercicio 2008 ata o 2010.
- Endebemento excesivo nos tres exercicios analizados, con un lixeiro descenso no ano 2010.
- A capacidades do sector para facer fronte ós compromisos de pago a curto prazo é moi xusta (solvencia). O test ácido e a liquidez inmediata mantéñense en niveis baixos.
- O Resultado de explotación, medido a través da mediana, baixa a niveis porcentuais nos catro exercicios analizados.
- Resultado financeiro negativo o que indica o peso das débedas, que se incrementan nos anos analizados.
- Os resultados do exercicio son positivos, con excepción do ano 2010, pero cunha tendencia á diminución.
- A rendibilidade económica e financeira móvese en porcentaxes baixas.

(evolución)	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Activo non corrente	8,73%	4,85%	-10,64%
Activo corrente	6,23%	0,51%	4,24%
Patrimonio neto	-0,69%	-1,27%	-2,96%
Pasivo non corrente	42,25%	22,02%	8,18%
Pasivo corrente	21,24%	1,80%	1,55%

RATIOS DO BALANCE

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Solvencia	1,01	1,08	1	0,93
Ácido test	0,78	0,71	0,69	0,64
Liquidez Inmediata	0,05	0,04	0,04	0,03
% Endebemento	64,8%	64,57%	67,24%	64,77%

ANÁLISE DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

(miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Resultado de explotación	23,23	10,14	-0,10	-0,72
Resultado financeiro	-4,33	-5,95	-9,53	-11,24
Resultado antes de impostos	10,74	1,07	-1,02	-5,44
Resultado do exercicio	9,11	6,79	1,10	-1,21

RATIOS DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

%	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Rendibilidade económica	1,44	0,22	-0,36	-1,23
Rendibilidade financeira	6,58	4,05	1,18	1,09

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

SECTOR:


ROCHAS ORNAMENTAIS

SUBSECTOR:

GRANITO

ANÁLISE DO BALANCE

Figura 7: Estrutura xeral do balance do ano 2010



CONCLUSIÓNS SINTÉTICAS

- Fondo de manobra positivo no ano 2010.
- O ratio de Solvencia ten niveis baixos nos anos 2009 e 2010, inferiores á unidade. Diminúe o ratio do ácido test e a liquidez inmediata.
- Nivel de endebedamento alto nos catro exercicios económicos, o que implica uns resultados financeiros negativos importantes.
- Rendibilidades económica e financeira baixas, a excepción do ano 2010.
- Resultados de explotación en descenso.

(evolución)	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Activo non corrente	10,52%	7,42%	-15,25%
Activo corrente	-9,51%	15,79%	-4,36%
Patrimonio neto	7,04%	-17,66%	-3,57%
Pasivo non corrente	9,38%	5,73%	-28,59%
Pasivo corrente	3,29%	20,65%	3,67%

RATIOS DO BALANCE

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Solvencia	1,09	1,08	0,93	0,94
Ácido test	0,81	0,70	0,69	0,68
Liquidez Inmediata	0,07	0,05	0,04	0,03
% Endebedamento	65,37%	67,64%	68,28%	66,59%

ANÁLISE DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

(miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Resultado de explotación	34,10	16,40	1,23	1,44
Resultado financeiro	-11,58	-8,00	-10,22	-13,73
Resultado antes de impostos	16,59	4,57	-0,22	-1,91
Resultado do exercicio	10,96	12,32	2,96	-0,27

RATIOS DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

%	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Rendibilidade económica	1,96	0,41	-0,36	-1,01
Rendibilidade financeira	7,30	4,31	1,33	1,64

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

SECTOR:


ROCHAS ORNAMENTAIS

SUBSECTOR:

LOUSA

ANÁLISE DO BALANCE

Figura 8: Estrutura xeral do balance do ano 2010



CONCLUSIÓNS SINTÉTICAS

- Fondo de manobra negativo, concretamente o pasivo corrente supera nun 1,34% ó activo no ano 2010.
- Niveis de endebedamento situados entre un 55,9% no ano 2010 e un 57% no 2009.
- Consecuencia do nivel de endebedamento no resultado financeiro negativo alto e en aumento.
- Malos resultados dos ratios das rendibilidade económicas e financeiras.

(evolución)	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Activo non corrente	14,55%	-6,01%	-9,21%
Activo corrente	18,78%	34,49%	2,10%
Patrimonio neto	-13,38%	1,66%	-28,80%
Pasivo non corrente	222,09%	39,64%	-7,74%
Pasivo corrente	-15,87%	1,85%	-3,28%

RATIOS DO BALANCE

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Solvencia	1,02	1,13	1,19	1,15
Ácido test	0,94	0,88	0,79	0,73
Liquidez Inmediata	0,04	0,04	0,04	0,03
% Endebedamento	56,39%	56,21%	57,04%	55,9%

ANÁLISE DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

(miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Resultado de explotación	2,63	-1,49	-1,89	-4,22
Resultado financeiro	-2,35	-5,85	-9,65	-10,95
Resultado antes de impostos	1,80	-0,80	-1,89	-4,39
Resultado do exercicio	11,43	2,70	-0,09	-1,89

RATIOS DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

%	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Rendibilidade económica	0,28	-0,05	-1,06	-1,03
Rendibilidade financeira	5,42	2,46	-0,08	0,05

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

SECTOR:


ROCHAS ORNAMENTAIS

SUBSECTOR:

OUTRAS ROCHAS ORNAMENTAIS

ANÁLISE DO BALANCE

Figura 9: Estrutura xeral do balance do ano 2010



CONCLUSIÓNS SINTÉTICAS

- Fondo de manobra altamente negativo no ano 2010 o que dificulta a capacidade deste subsector para facer fronte ós seus compromisos a curto prazo.
- Moi baixo nivel de solvencia, e dos ratios do ácido test e da liquidez inmediata.
- Niveis moi altos de endebedamento.
- Resultado de explotación, a excepción do ano 2009, e resultado financeiro medidos a través da mediana, negativos.

(evolución)	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Activo non corrente	-24,21%	45,56%	-2,00%
Activo corrente	4,55%	12,49%	-167,45%
Patrimonio neto	-49,44%	49,10%	117,64%
Pasivo non corrente	147,14%	70,75%	6,77%
Pasivo corrente	26,15%	0,17%	12,27%

RATIOS DO BALANCE

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Solvencia	0,47	0,35	0,37	0,24
Ácido test	0,33	0,34	0,27	0,12
Liquidez Inmediata	0,05	0,02	0,05	0,02
% Endebedamento	83,52%	84,76%	90,35%	114,56%

ANÁLISE DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

(miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Resultado de explotación	-4,10	-0,62	1,04	-12,49
Resultado financeiro	-1,79	-3,26	-2,78	-2,34
Resultado antes de impostos	-4,12	-2,96	0,67	-13,30
Resultado do exercicio	-0,82	-2,83	-1,61	0,67

RATIOS DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

%	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Rendibilidade económica	-3,55	-2,44	1,17	-12,59
Rendibilidade financeira	8,73	7,60	8,58	3,94


Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

SECTOR:

PRODUTOS DE CANTEIRA

ANÁLISE DO BALANCE

Figura 10: Estrutura xeral do balance do ano 2010



CONCLUSIÓNS SINTÉTICAS

- Fondo de manobra positivo no ano 2010.
- Evolución positiva do activo non corrente, é dicir, incrementábase, aínda que a baixos niveis as inversións.
- Diminución porcentual do activo corrente e do pasivo corrente, excepto no ano 2010.
- Incremento porcentual do patrimonio neto.
- O ratio de solvencia é superior á unidade nos anos estudados, o que evidencia unha boa capacidade do sector para facer fronte ós compromisos a curto prazo.
- Destacado peso das existencias e das débedas no balance.
- Endebemento algo elevado.
- Resultados financeiros negativos e elevados e resultado do exercicio positivos nos catro anos.
- A rendibilidade dos activos medida a través da rendibilidade económica é baixa e con tendencia á baixa, ó igual que a rendibilidade dos fondos propios.

(evolución)	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Activo non corrente	0,66%	1,33%	1,90%
Activo corrente	5,37%	-8,79%	-15,17%
Patrimonio neto	2,24%	7,52%	7,21%
Pasivo non corrente	25,93%	21,58%	-4,02%
Pasivo corrente	-3,19%	-25,83%	3,20%

RATIOS DO BALANCE

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Solvencia	1,12	1,40	1,37	1,55
Ácido test	0,93	1,03	0,98	0,92
Liquidez Inmediata	0,07	0,04	0,05	0,07
% Endebemento	55,89%	53,31%	55,53%	54,21%

ANÁLISE DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

(miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Resultado de explotación	103,33	54,36	39,58	28,08
Resultado financeiro	-11,53	-22,93	-14,76	-17,10
Resultado antes de impostos	48,40	19,17	20,23	7,11
Resultado do exercicio	30,59	50,55	14,20	16,03

RATIOS DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

%	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Rendibilidade económica	3,03	1,33	1,12	0,54
Rendibilidade financeira	9,26	3,98	3,22	1,28

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

SECTOR:


PRODUTOS DE CANTEIRA

SUBSECTOR:

ARXILA

ANÁLISE DO BALANCE

Figura 11: Estrutura xeral do balance do ano 2010



CONCLUSIÓNS SINTÉTICAS

- Fondo de manobra positivo no ano 2010, pois o activo corrente supera ó pasivo corrente en 10,5 puntos porcentuais.
- Boa solvencia nos anos estudados, ó igual que a ratio derivado do ácido teste e da liquidez inmediata.
- Endebedamento alto e con tendencia ascendente nos últimos catro anos.
- Intereses elevados como consecuencia do endebedamento.
- Resultados de explotación negativos, ó igual cos resultados do exercicio.
- Rendibilidades negativas nos tres últimos exercicios.

(evolución)	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Activo non corrente	16,26%	-7,06%	3,19%
Activo corrente	-7,51%	-8,10%	-17,47%
Patrimonio neto	30,09%	26,61%	-8,06%
Pasivo non corrente	16,38%	38,76%	-15,52%
Pasivo corrente	3,53%	-30,51%	9,72%

RATIOS DO BALANCE

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Solvencia	1,12	1,48	2,22	1,92
Ácido test	1,04	1,09	1,53	0,97
Liquidez Inmediata	0,19	0,04	0,11	0,12
% Endebedamento	45,43%	49,53%	46,63%	51,85%

ANÁLISE DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

(miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Resultado de explotación	139,21	-8,81	-59,55	-316,61
Resultado financeiro	-28,96	-60,45	-32,10	-60,47
Resultado antes de impostos	56,52	-110,87	-116,25	-323,19
Resultado do exercicio	41,51	120,94	-83,25	-93,06

RATIOS DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

%	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Rendibilidade económica	2,29	-2,34	-2,88	-6,17
Rendibilidade financeira	5,62	-3,35	-4,77	-10,90

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

SECTOR:


PRODUTOS DE CANTEIRA

SUBSECTOR:

ÁRIDOS

ANÁLISE DO BALANCE

Figura 12: Estrutura xeral do balance do ano 2010



CONCLUSIÓNS SINTÉTICAS

- Bo fondo de manobra no ano 2010 o que é un indicativo da capacidade destas empresas para facer fronte ós compromisos a curto prazo.
- A solvencia mantense en parámetros normais, ó igual que o ratio do ácido test. A liquidez inmediata é baixa.
- Ratio de endebedamento elevado o que leva parello un resultado financeiro alto e negativo nos anos analizados.
- Resultados de explotación positivos, ó igual cos resultados despois de impostos.
- Baixa rendibilidade económica e a financeira en descenso pero con valores normais.

(evolución)	2007-2008	2008-2009	2009-2010
Activo non corrente	5,32%	-3,83%	11,68%
Activo corrente	9,31%	-8,21%	-15,51%
Patrimonio neto	3,61%	12,33%	4,59%
Pasivo non corrente	-12,09%	62,31%	-5,19%
Pasivo corrente	-3,70%	-8,23%	-2,71%

RATIOS DO BALANCE

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Solvencia	1,12	1,40	1,32	1,49
Ácido test	0,93	1,00	0,90	0,92
Liquidez Inmediata	0,06	0,04	0,05	0,07
% Endebedamento	60,67%	55,23%	56,76%	54,21%


ANÁLISE DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

(miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Resultado de explotación	97,19	54,36	45,75	33,43
Resultado financeiro	-11,53	-16,76	-14,25	-14,66
Resultado antes de impostos	48,40	21,96	23,52	13,81
Resultado do exercicio	30,08	48,65	16,39	18,57

RATIOS DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

%	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
Rendibilidade económica	3,24	1,57	1,79	0,80
Rendibilidade financeira	9,81	5,54	4,52	3,54

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI




2.3

Análise comparativa dos principais ratios e resultados das empresas dos sectores e subsectores da minería extractiva de Galicia.


2.3. Análise comparativa dos principais ratios e resultados das empresas dos sectores e subsectores da minería extractiva de Galicia.

Por último, tal e como se indicou, para rematar a análise, faise referencia neste apartado ós principais ratios e resultados analizados de xeito comparativo, o que permite obter unha visión global da situación do sector en xeral e das diferentes actividades que o compoñen. Así, en primeiro lugar analizarase comparativamente a situación das principais partidas do balance, para despois estudar a evolución dos ratios e resultados considerados.



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Centrándose xa no comentario dos datos propiamente ditos, da análise económico financeira do balance do exercicio 2010 que se pode observar na páxina anterior, ponse de manifesto que a estrutura do activo (inversión) que máis se asemella ós datos xerais do sector da minería extractiva de Galicia que se toma como referencia, é o sector das Rochas Ornamentais con porcentaxes parellas, sendo tamén os sectores de Produtos de Canteira e Minerais industriais outras referencias importantes.



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

En relación ás fontes de financiamento (patrimonio neto + pasivo), a estrutura dos sectores de Rochas Ornamentais e Produtos de Canteira presentan cifras semellantes ó conxunto das empresas con actividade na minería extractiva de Galicia. Tamén en menor medida o sector da minería industrial ten unha estrutura financeira que se pode considerar como dentro da normalidade.


En canto ó fondo de manobra, este é positivo en todos os sectores aquí estudados.

Táboa 8
Análise Comparativa do ratio de solvencia (2007-2010)

	<i>Mediana 2007</i>	<i>Mediana 2008</i>	<i>Mediana 2009</i>	<i>Mediana 2010</i>
SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA	1,03	1,1	1,09	1,08
MINERAIS INDUSTRIAIS	1,14	0,84	0,78	1,08
ROCHAS ORNAMENTAIS	1,01	1,08	1	0,93
PRODUTOS DE CANTEIRA	1,12	1,40	1,375	1,55

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Figura 15
Evolución do ratio de Solvencia (2007-2010)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Polo que respecta a análise do ratio de solvencia, derivada dos datos que se amosan na Táboa 8 e na Figura 15 cumpre citar en primeiro lugar o caso das empresas enmarcadas dentro da categoría de minerais metálicos, que presenta uns valores do ratio inferiores á unidade nos catro exercicios estudados., e que son inferiores ós ratios que presenta en xeral o sector da minería extractiva de Galicia.

En canto ás empresas con actividade relacionada cos Minerais Industriais, nos anos 2008 e 2009 presentan os seus peores resultados, pasando no ano 2010 a ser o seu ratio de solvencia bastante semellante ó do sector en xeral.


Finalmente, as empresas con actividade na categoría de rochas ornamentais e especialmente, as englobadas dentro do grupo de produtos de canteira, manteñen porcentaxes moi similares ós do sector da minería extractiva de Galicia en xeral.

Táboa 9
Análise Comparativa do ratio Ácido Test (2007-2010)

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA	0,87	0,8	0,76	0,71
MINERAIS INDUSTRIAIS	0,8	0,6	0,39	0,63
ROCHAS ORNAMENTAIS	0,78	0,71	0,69	0,64
PRODUTOS DE CANTEIRA	0,93	1,03	0,98	0,92

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Figura 16
Evolución do ratio Ácido Test (2007-2010)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Polo que respecta ó Ácido Test, este ratio trata de tomar en consideración só aquelas partidas do activo corrente que se transformarán en liquidez nun prazo de tempo curto e, en consecuencia, para o seu cálculo exclúense as existencias, xa que estas necesitan ser transformadas, vendidas e cobradas.


Este ratio debe ser próximo á unidade e, en xeral, pódese dicir que o cumpren todos os sectores analizados, con excepción das empresas incluídas dentro da categoría de minerais industriais e, en menor medida das empresas con actividade dentro das rochas ornamentais. Pola contra destacan as porcentaxes acadadas polas empresas adicadas ós produtos de canteira (áridos e arxila).

Táboa 10
Análise Comparativa do ratio de liquidez inmediata(2007-2010)

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA	0,06	0,04	0,04	0,04
MINERAIS INDUSTRIAIS	0,02	0,03	0,01	0,01
ROCHAS ORNAMENTAIS	0,05	0,04	0,04	0,03
PRODUTOS DE CANTEIRA	0,07	0,04	0,05	0,07

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Figura 17
Evolución do ratio de Liquidez Inmediata (2007-2010)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

En canto ó ratio de liquidez inmediata, o que este indica é o conxunto de recursos financeiros dispoñibles (efectivo) ou do que poidan dispoñer (outros medios líquidos equivalentes) para facer fronte ós seus compromisos de pago.


Tendo en conta isto, os valores que se obteñen e que se poden observar tanto na Táboa 10 como na Figura 17, pódense considerar baixos, tanto para o sector a nivel xeral como para os distintos sectores analizados.

Táboa 11
Análise Comparativa da porcentaxe de endebedamento (2007-2010)

	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA	61,94%	61,19%	63%	61,75%
MINERAIS INDUSTRIAIS	45,18%	56,18%	54,35%	46,79%
ROCHAS ORNAMENTAIS	64,80%	64,57%	67,24%	64,77%
PRODUTOS DE CANTEIRA	55,89%	53,32%	55,54%	54,21%

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Figura 18
Evolución da porcentaxe de endebedamento (2007-2010)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI


Se se analiza o nivel de endebedamento das empresas do sector da minería extractiva de Galicia, destácase o importante peso que ten a porcentaxe de endebedamento no pasivo do balance de todas as actividades, destacando as empresas que se dedican á extracción de rochas ornamentais que presentan peores porcentaxes de endebedamento.

Táboa 12
Análise Comparativa do resultado de explotación (2007-2010)

(Miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA	34,79	16,40	5,70	0,66
MINERAIS INDUSTRIAIS	77,94	106,61	223,23	-12,07
ROCHAS ORNAMENTAIS	23,23	10,14	-0,10	-0,72
PRODUTOS DE CANTEIRA	103,33	54,36	39,58	28,08

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Figura 19
Evolución do Resultado de Explotación (2007-2010)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Pasando agora a tratar as principais variables da conta de perdas e ganancias, o Resultado de Explotación que é obtido pola diferenza entre os ingresos que xera a actividade principal destas empresas, menos os gastos necesarios para o mantemento da citada actividade, presenta niveis preocupantes nalgúns sectores de actividade que incluso chegan a acadar valores negativos, tal e como é o caso no exercicio 2010 dos minerais industriais e das empresas de rochas ornamentais.


Destácase tamén o descenso sufrido polas empresas do sector de minerais industriais no ano 2010, pasando de resultados de explotación positivos que alcanza un valor de 223,23 miles de Euros (medidos a través da mediana) a uns resultados negativos (-12,07).

Táboa 13
Análise Comparativa do resultado financeiro(2007-2010)

(Miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA	-7,97	-10,17	-11,69	-14,22
MINERAIS INDUSTRIAIS	-24,72	-45,74	-28,48	-34,69
ROCHAS ORNAMENTAIS	-4,33	-5,95	-9,53	-11,24
PRODUTOS DE CANTEIRA	-11,53	-22,93	-14,76	-17,10

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Figura 20
Evolución do resultado Financeiro (2007-2010)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI


Centrándose na análise dos resultados financeiros, estes son negativos en todos os anos estudados, o que evidencia que os gastos financeiros superan ós ingresos do mesmo tipo. Estes altos valores obtidos débense ó nivel de endebedamento do sector, destacando polos seus peores resultados, as empresas que se enmarcan dentro da categoría de minerais industriais. Pola contra os mellores niveis acádano en todos os exercicios as empresas do sector das rochas ornamentais.

Táboa 14
Análise Comparativa do resultado antes de impostos (2007-2010)

(Miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA	18,37	4,57	1,45	-1,31
MINERAIS INDUSTRIAIS	47,60	61,52	94,52	-57,42
ROCHAS ORNAMENTAIS	10,74	1,07	-1,02	-5,44
PRODUTOS DE CANTEIRA	48,40	19,17	20,23	7,11

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Figura 21
Evolución do resultado antes de impostos (2007-2010)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Polo que respecta ós resultados antes de impostos, o seu nivel decrece en xeral no total das empresas consideradas do sector da minería extractiva de Galicia, chegando a acadar nos anos 2009 e 2010 valores negativos nas empresas que desempeñan a súa actividade principal en relación coas rochas ornamentais. A mesma situación ocorre nas empresas do sector dos minerais industriais, situándose o resultado negativo unicamente no ano 2010.


Por outra banda, cumpre destacar que as empresas de produtos de canteira si obteñen resultados antes de impostos positivos, se ben se detecta tamén neste caso un importante decrecemento dos mesmos dende o ano 2007.

Táboa 15
Análise Comparativa do resultado do exercicio (2007-2010)

(Miles de euros)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA	13,22	14,64	3,72	0,76
MINERAIS INDUSTRIAIS	32,34	41,61	57,94	72,71
ROCHAS ORNAMENTAIS	9,11	6,79	1,10	-1,21
PRODUTOS DE CANTEIRA	30,59	50,55	14,20	16,03

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Figura 22
Evolución do resultado do Exercicio (2007-2010)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Finalmente no que concirne ós resultados do exercicio, os mellores resultados acádanos as empresas que se dedican á explotación dos minerais industriais e dos produtos de canteira., tal e como se observa na Táboa 15 e na Figura 22.


Por outra banda, o único resultado negativo que se produce nos distintos anos do período estudado é o obtido polo sector das rochas ornamentais no ano 2010.

Táboa 16
Análise Comparativa do ratio de rendibilidade económica (2007-2010)

(En %)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA	1,74	0,46	0,24	-0,79
MINERAIS INDUSTRIAIS	0,45	0,51	0,69	-2,16
ROCHAS ORNAMENTAIS	1,44	0,22	-0,36	-1,23
PRODUTOS DE CANTEIRA	3,03	1,33	1,12	0,54

Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Figura 23
Evolución do ratio de Rendibilidade Económica (2007-2010)



Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Por último, analizando os ratios derivados da conta de perdas e resultados, a rendibilidade económica que mide a capacidade para xerar rendas económicas capaces de remunerar a propietarios e prestamistas conservando o capital económico da mesma.


Así, tendo en conta isto, tanto o conxunto do sector extractivo da minería de Galicia como as distintas actividades que a compoñen presentan porcentaxes baixas e que incluso no último ano estudado (2010) acadan valores negativo, con excepción daquelas empresas que desempeñan a súa actividade en relación cos produtos de canteira.

Táboa 17
Análise Comparativa do ratio de rendibilidade financeira (2007-2010)

(En %)	Mediana 2007	Mediana 2008	Mediana 2009	Mediana 2010
SECTOR DA MINERÍA EXTRACTIVA DE GALICIA	6,91	4,05	1,93	1,09
MINERAIS INDUSTRIAIS	3,41	4,43	4,20	-0,18
ROCHAS ORNAMENTAIS	6,58	4,05	1,18	1,09
PRODUTOS DE CANTEIRA	9,26	3,98	3,22	1,28


Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

Figura 24
Evolución do ratio de Rendibilidade Financeira (2007-2010)




Fonte: elaboración propia a partir da base de datos SABI

En canto á rendibilidade financeira, entendida como a capacidade das empresas para remunerar ós seus propietarios acada valores baixos en todos os anos, destacando ademais o descenso porcentual que sofre ó logo do período 2007-2010. Cumpre finalmente destacar tamén que as empresas que enmarcan a súa actividade dentro do sector dos minerais industriais, acadan valores negativos (calculados a través da mediana) no exercicio 2010.



3.

DIAGNÓSTICO:
CONCLUSIONES SINTÉTICAS



3. DIAGNÓSTICO: CONCLUSIÓNS SINTÉTICAS

O presente epígrafe recolle o Diagnóstico Sintético derivado da análise económico – financeiro das empresas do sector da minería extractiva de Galicia.. A estrutura do mesmo, segue unha metodoloxía de análise interno, recollendo a continuación as principais conclusións:

- Da estrutura económico – financeira do balance do exercicio 2010, a estrutura do activo (inversión) que máis se asemella ós datos xerais do sector, que se toma como referencia, é o sector das rochas ornamentais, sendo tamén as empresas de produtos de canteira e minerais industriais outros referentes importantes.
- En relación ó estudo da solvencia destacar que as actividades encadradas detrás da categoría de rochas ornamentais e produtos de canteira, manteñen unhas porcentaxes similares ó sector en xeral.
- As empresas que desempeñan a súa actividade dentro da categoría de produtos de canteira presenta os mellores resultados relacionados coa rendibilidade económica.
- En xeral, niveis de endebedamento altos en todas as actividades da minería extractiva de Galicia, o que implica uns resultados financeiros negativos elevados que inflúen negativamente nos resultados do exercicio.
- Os resultados que xera a explotación principal do negocio van en descenso, presentando niveis preocupantes nalgún sector de actividade, que incluso chegan a acadar valores negativos, tal e como é o caso no exercicio 2010 das empresas de minerais industriais e rochas ornamentais.
- Elevado peso sobre o activo do balance as existencias e os debedores, o que fai que a liquidez inmediata para todas as actividades analizadas sexa baixa, o que dificulta o pago das obrigacións pendentes a curto prazo.
- Rendibilidade económica que evidencia malos resultados para todas as actividades estudadas, e que no ano 2010 incluso acada valores negativos.
- Rendibilidade financeira escasa, dado que non presenta bos resultados, sendo nalgúns casos negativa, como nas empresas de minerais industriais.



ANEXO

ANEXOS

A. Fórmulas e Interpretación dos ratios empregados

Nome	Fórmula e Comentarios
Ratios do Balance	
Solvencia	$\text{Solvencia} = \frac{\text{Activo Corrente}}{\text{Pasivo Corrente}}$ <p>O ratio de solvencia confronta os activos correntes das empresas cos pasivos da mesma natureza. En concreto, reflicte o que supoñen os activos a curto prazo respecto ós pasivos ó mesmo prazo. O seu resultado está moi vinculado ó fondo de manobra.</p> <p>Valores por debaixo de un indican que parte da estrutura da empresa (inmobilizado) está sendo financiada con débedas correntes.</p> <p>Valores superiores a un indican que parte dos fondos permanentes fináncianse coa actividade ordinaria (activo corrente) da empresa.</p>
Ácido Test	$\text{Ácido Test} = \frac{\text{Activo Corrente} - \text{Existencias}}{\text{Pasivo Corrente}}$ <p>Este Ratio contable indica como de boa é a liquidez ou a solvencia das empresa a curto prazo, para o que emprega o activo corrente ó que se lle restas ás existencias e o pasivo corrente que son as partidas de máis curto prazo do balance. Se o test ácido fose menor que un, indicaría un pasivo circulante excesivamente alto en relación ó activo, sendo aconsellable vender existencias para poder facer fronte ás débedas a corto prazo.</p>
Liquidez Inmediata	$\text{Liquidez Inmediata} = \frac{\text{Tesourería}}{\text{Pasivo Corrente}}$ <p>Este ratio mide a posibilidade das empresas para facer fronte ás súas obrigacións de pago a curto prazo cos activos máis líquidos, isto é, a tesourería. Reflicte polo tanto o que supoñen estes activos respecto ós pasivos correntes.</p> <p>Valores por debaixo de un poderían reflectir a existencia de dificultades por parte das empresas para facer fronte ós seus compromiso no curto prazo, mentres que valores moi elevados poderían indicar un exceso de liquidez que tampouco é desexable habitualmente.</p>
Porcentaxe de Endebedamento	$\% \text{ Endebedamento} = \frac{\text{Total Pasivo}}{\text{Patrimonio Neto} + \text{Pasivo}} \times 100$ <p>A porcentaxe de endebedamento reflicte a proporción de todos os recursos dos que dispón a empresa que representan os recursos alleos. Valores maiores indican que en maior medida as empresas recorren a fondos alleos para financiar a súa actividade.</p>

Nome	Fórmula e Comentarios
Ratios de Resultados	
Rendibilidade Económica (RE)	$RE = \frac{\text{Resultado de Explotación}}{\text{Activo Total}} \times 100$ <p>A rendibilidade económica valora a xeración de beneficios das operacións da empresa a partir da utilización dos seus activos, sendo preferibles os valores máis altos e menos aceptables os valores canto máis negativos.</p>
Rendibilidade Financeira (RF)	$RF = \frac{\text{Resultado antes de impostos}}{\text{Fondos Propios}} \times 100$ <p>A rendibilidade financeira mide este concepto de cara ó accionista, confrontando os beneficios antes de impostos das empresas cos seus fondos propios. Neste caso tamén son preferibles os valores altos e positivos, que non teñen un límite ó alza, aínda que si o terían á baixa pola posibilidade de quebra.</p>

B. Listado de empresas consideradas.

1. Minerais Metálicos

INCREMENTO GRUPO INVERSOR SL

MINEIRA DE CORCOESTO SL

LEITOSA SA

2. Minerais Industriais

a. Caolín

CAOLINES DE VIMIANZO SA

CERAMICA MAS SA

b. Cuarzo

EXPLOTACION DE ROCAS INDUSTRIALES Y MINERALES SA

EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SA

MINERALES Y ROCAS INDUSTRIALES SA

PIEDRA NATURAL DE MURAS SL

ARIDOS DE TRAZO SL

CUARZOS INDUSTRIALES SA

ROCAS, ARCILLAS Y MINERALES, SA

c. Outros minerais industriais

MAGNESITAS DE RUBIÁN SA

TURBERAS DEL BUYO Y DE GISTRAL SA

3. Rochas Ornamentais

a. Granito

A. V. F. GRANIT S.L.	GRANITOS DE CABANELAS S.L.
APLISTONE S.L.	GRANITOS DE CORTEGADA S.A.L.
ARIDOS H CARBALLIDO SL	GRANITOS DE SALCEDA SL
BLOCKGANDARA SL	GRANITOS DEL LOURO SA
BLOKDEGAL SA	GRANITOS DEL VAL SL
BLOQUES DE PORRIÑO SA	GRANITOS DEZA SL
CABALEIRO NOGUEIRA SL	GRANITOS DO ALBA SL
CABRERA Y TRIGO S L	GRANITOS EXCAVACIONES Y CONSTRUCCION SLL
CANTEIRA LAROUCO SL	GRANITOS FERNANDEZ FERNANDEZ SL
CANTEIRAS DE PENALONGA SL	GRANITOS GONDOMAR S.L.
CANTEIRAS HERMANOS FERNANDEZ SL	GRANITOS GRISROSA SL
CANTEIRAS LOUSADO SL	GRANITOS LALIN SL
CANTEIROS DO PORRIÑO REUNIDOS SA	GRANITOS LAS CANCHAS SL
CANTERA AS ESCALEIRAS SL	GRANITOS MARTINEZ SA
CANTERA TRASALVA, SA UNIPERSONAL	GRANITOS MAURIZ SL
CANTERAS CARBALLEDA DE AVIA SL	GRANITOS MONDARIZ SL
CANTERAS DE LALIN SL	GRANITOS MORAVI SL
CANTERAS DE VILANOVA SL	GRANITOS ORNAMENTALES SA
CANTERAS GRANITICAS LA SALETA S L (EN LIQUIDACION)	GRANITOS PENALONGA SL
CANTERAS HERMANOS CORTIÑAS SL	GRANITOS PICANS SL
CANTERAS HERMANOS ESVAZ SL	GRANITOS PORRISAL SL
CANTERAS HERMANOS LOPEZ SL	GRANITOS RAÑA SL
CANTERAS MANUEL PIÑEIRO SL	GRANITOS SAN JOSE SL
CANTERAS OYA SL	GRANITOS SANTA ROSA SL
CANTERAS PENIDO SL	GRANITOS Y CANTERAS MIÑOR SA
CANTERAS REBENTON SL	GRISPerez SL
CANTERAS ROSA ROJO PORRIÑO SL	GRISSALIA SL
CANTERAS VILAFRIA SL	GRISVILA SL (EN LIQUIDACION)

CANTERAS Y CONSTRUCCIONES DEJO SL	HORMIGONES VALLE MIÑOR SA
DAVID FERNANDEZ GRANDE MADRID SL	INGEMARGA, SA
DAVID FERNANDEZ GRANDE SL	ITAGREEN IBERICA SL.
EURO BANDAS SA	LEMONS ROMERO SL
EURO ROCA SL	MANUEL PRIEGUE E HIJO SL
EURO-CKP SA	MANUEL VAQUEIRO SL
EX.CONPE S.L.	MARCELINO MARTINEZ GALICIA SL
EXBLOGRA SL	MARCELINO MARTINEZ SL
EXELCO GRANITOS SL	MARMOLES Y GRANITOS MA R-A CHAIRA SL
EXPLOTACIONES MINERAS DEL MORRAZO SL	MATERIALES DE CONSTRUCCIONES O PEDRON SL
EXTRACCION Y TRANSFORMACION DEL GRANITO SL	MINER GRANISA SL
FAMILIA COUTO ESPINO S.L.	MINERA DE ROCAS SL
FARRIENSE DE GRANITOS SL	MINOR GALICIA SL
FERNANDEZ CONTRERAS GRANITOS SA	ORNAMENTOS MINERALES DE GALICIA SL
FOMENTO DE ARIDOS Y OBRAS SL	PALOMIN SL
FRANCISCO LEMOS ROMERO SL	PAVESTONE SL
GRALICIA PEDRAS ELABORADAS SL	PEDRA PAIS SL
GRAMOL SA	PEDRAS DE ALDAN SL
GRANIATIOS SL	PIEDRAS RABAL SL
GRANIBLOK, SA	PONTEVEX SL
GRANICHAN SL	PROPETAN INVESTMENT SL
GRANIMONDI NORTE SL (EN LIQUIDACION)	RAMILO SA
GRANIMONDI SA (EN LIQUIDACION)	ROCADEZA SL.
GRANIOREGA SL	ROCAS INDUSTRIALES DE VILACHA SL
GRANIT CENTER SL	ROCAS MARESGRA SL
GRANITOS ABELENDAS DAS PENAS SL	ROSALIA GRANITOS ORNAMENTAL SL
GRANITOS BALTAR SL	SILVERCHAN SL
GRANITOS CABALEIRO SA	DAVID FERNANDEZ GRANDE INVESTROC SL
GRANITOS DE ATIOS, SA	

b. Lousa

PIORSA SL	PIZARRAS ARCAS PRADA SL
PIZARRAS A FOCARA, SOCIEDAD LIMITADA	PIZARRAS CAMPO SL
PIZARRAS Y CUARCITAS MANUEL SL	PIZARRAS CARUCEDO SL
CAMPO DE ARCAS PIZARRAS SA	PIZARRAS CHOUDEIROS SL
CANTERA PEÑA ARGEL SL	PIZARRAS DAL, SOCIEDAD ANONIMA
ORNAMENTALES LUGO SL	PIZARRAS DE LA CAMPA SL
ARMADILLA SL	PIZARRAS DE QUIROGA SA
BELEXPLO SL	PIZARRAS DE VILLARBACU SL
CAMPO CABANA SL	PIZARRAS DEL ORIBIO SL
CAMPO SLATE SL	PIZARRAS DEL SIL SL
CANTERA PEDRIÑA SA	PIZARRAS EUROPEAS ARIAS SA
CANTERAS FERNANDEZ SL GEOLOGIA S COM	PIZARRAS GARAR S.L.
CANTERAS FERNANDEZ, SOCIEDAD LIMITADA SOCIEDAD EN COMANDITA	PIZARRAS INTRADIMA SL
CANTERAS VILLAMARTIN S.L.	PIZARRAS INVERNEGO S.L.
COUSO COTADO SA	PIZARRAS IPISA SA
COUSO FERNANDEZ S.L.	PIZARRAS LA TRANQUILA, SOCIEDAD ANONIMA
CUARCITAS PADORNELO SL	PIZARRAS LOMBA SL
CUBIERTAS FIDALGO CANTERAS SA	PIZARRAS LOS GALLOS SL
CUPIRE PADESA SL	PIZARRAS LOS TRES CUÑADOS SA
DEGONVAZ SL	PIZARRAS MANADA VIEJA SA
DERRIBOS LITO SL (EN LIQUIDACION)	PIZARRAS O CORTELLO SOCIEDAD ANONIMA
EMERITASA SL	PIZARRAS PALADIO SL
EXCAVACIONES UCEDINOS S.L.	PIZARRAS RIXO SL
GRUPO DE CASAYO, SA	PIZARRAS ROZADAIS SL
IBEROITALIANA DE PIZARRAS SA	PIZARRAS SAN COSME SL
INDUSTRIAS DE ROCAS ORNAMENTALES SA	PIZARRAS SAN GIL SL SCOM
INDUSTRIAS PIZARRERAS GARCIA AGUADO SL	PIZARRAS VALDACAL SA
INVERSIONES MINERAS DE GALICIA SL.	PIZARRAS VAZFER SA

MOTI EUROPA SL

O COTRILLON SL

PEBOSA SA (EN LIQUIDACION)

PIMAGA SL

PIZARRAS Y PAVIMENTOS BRETOÑA,
SOCIEDAD ANONIMA

VIHERMA SL

EUROPIZARRAS, SA

PIZARRAS DE QUIROGA SA

c. Outras rochas ornamentais

APROVECHAMIENTOS DE CANTERAS S.L.

EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MIGUEL
Y LUCIA SL

MINERA INDUSTRIAL LA RUA S.L.

PIZARRAS VALDELACASA SL

CANTERAS DE GAIBOR SL

IPARENA S.L.

PEDRA DE SILVARREDONDA SL

LAS TRAPAREIRAS S.L.

MARMOLES DE LOZARA S A

MARMOLES DEL NOROESTE SA

MARMOLES TRASEIRA SL (EN
LIQUIDACION)

OBRAS GRANITOS Y MARMOLES SL

ORNAMENTALES CANEDO SL

4. Produtos de Canteira

a. Arxila

CERAMICA RIOBOO SL

CERAMICA VEEA SA

CERAMICA XUNQUEIRA SA

CERAMICAS DEL MIÑO CARMEN UBEIRA Y
COMPAÑIA SL

CERAMICAS EL PROGRESO SA

EXPLOTACIONES CERAMICAS ESPANOLAS SA

FABRICA DE LADRILLOS PUERTOMARIN S.L.

MATERIALES CERAMICOS SL

NOVO Y SIERRA SA

NUEVA CERAMICA CAMPO SL

PRODUCTOS ULLA SL

PUENTE LENDO SL

b. Áridos

ARIBES SL	CANTERAS FERROLANAS SA
ARIDOS A CORVA S. L.	CANTERAS ISIDRO OTERO SL
ARIDOS BESTEIRO SL	CANTERAS PREBETONG SL
ARIDOS CNC SL	CANTERAS RIO MIÑO SA
ARIDOS CHAN DE SALGOSA SL	CANTERAS SANTA CECILIA SL
ARIDOS DA PEROXA SL (EN LIQUIDACION)	CANTERAS VILLALBESAS SL
ARIDOS DE ASTARIZ SA	CENTRAL DE DERIVADOS DE HORMIGONES Y CANTERAS, SA
ARIDOS DE CALDAS SL	CONDESMO SA
ARIDOS DE CALDEBARCOS SL	CORPORACION ARENERA DA LIMIA S.L.
ARIDOS DE CANABAL SL	EXCAVACIONES MONTEAREAL S.L.
ARIDOS DE LAMAS SA	EXPLORACION DE CANTERAS DEL NOROESTE SA
ARIDOS DE REBOIRA SA	EXPLORACIONES Y CANTERAS DE MOUCHO SA
ARIDOS DE REBOREDO SA	EXTRACCION DE ARIDOS LIMA SL
ARIDOS DE SAYAR S.L.	EXTRACCION DE ARIDOS LINMAR SL.
ARIDOS DEL AVIA S.L.	GABROS ARIDOS PARA CARRETERAS SL
ARIDOS DEL UMIA SA	GALICIA ARENAS Y ROCAS ORNAMENTALES SL
ARIDOS DO CARNEIRO SCL.	GRANIT WORLD SL
ARIDOS DO MENDO SL	GRANITOS DE XALLAS SL
ARIDOS FORGOSELO SL	GRAVAMIR S.L.
ARIDOS MIRAMONTES SA	GRAVAS E ARIDOS DO LOURO SL
ARIDOS PUENTEAREAS SL	GRAVERAS CASTRO SL
ARIDOS Y CONTRATAS SA	GRAVERAS LIMIA SL
ARIEIRA LULO SL	HERGAYA SA
CAMILO CARBALLAL SL	HIJOS DE JOSE LOSADA CANCELO SA
CANARGA SL	HORMIGONES DE XARAS SL
CANTEIRA DA MINA SL	HORMIGONES LUCENSES SA
CANTEIRA DO PENEDO SA	HORMIGONES Y ARIDOS LA BARCA SA
CANTERA DE MONTESALGUEIRO SL	LISTA GRANIT SA

CANTERA DE PESCAS SL

CANTERAS AREAS S.L.

CANTERAS CUARCITA SAN CLODIO SL

CANTERAS DE MURO SL

CANTERAS DE PORTODEMOURO SL

CANTERAS DE RICHINOL SL

CANTERAS DE ROSENDE SA

CANTERAS DE XUBIM SL

CANTERAS DEL ARENAL SL

CANTERAS EL POZO SL

MATERIALES DE CONSTRUCCION DACAL
SL

MENDO MINEIRA SL

MINAS DE BANDEIRA SA

MINAS DEL CONDADO SL

OBRAS Y CANTERAS TEIXEIRO SL

PREBETONG LUGO SA

REYFRA SL

VENARCA SL

TRITURADOS DO SAIAR SL

EXPLOTACIONES FILLABOA SL